

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL
Departamento Territorial de Pontevedra

ASUNTO: Solicitud de información sobre os incendios acaecidos na provincia de Pontevedra.

Solicitud de información sobre as causas, persoas responsables e superficie de territorio queimada, segundo sexa urbana, de espazos naturais protexidos, de uso agrario, para a gandaría, forestal, industrial, detallando tamén as zonas nas que estaba ou está previsto instalar un proxecto industrial, indicando cal.

Solicitud de información sobre as medidas a adoptar polo Departamento Territorial de Pontevedra e pola Consellería competente

Nombre y Apellidos: _____

DNI/NIE: _____

Domicilio completo: _____

teléfono _____ Email: _____

EXPÓN:

Que na provincia de Pontevedra estanse producindo numerosos e graves incendios de gran extensión e virulencia, cun risco alto e extremo para as vidas humanas, que obrigan a evacuar distintas localidades, afectando severamente a poboacións dispersas; devastadores incendios que ameazan e arrasan casas, poboacións, infraestructuras, recursos agrícolas e gandeiros, así como a espazos naturais de alto valor ecolóxico.

Que hai unha grande alerta sobre os efectos nocivos de respirar ao aire libre, con consecuencias moi graves sobre a poboación máis vulnerable.

Que os medios empregados están desbordados e exhaustos, o cal implica poñer en perigo innecesariamente a un personal de extinción en condicións laborais pésimas, en contra da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Que unha boa parte da poboación afectada está loitando cos seus propios medios para salvar as súas propiedades, poñendo en risco as súas vidas.

Os incendios na provincia de Pontevedra arrasaron zonas de Agolada-O Sexo (400 ha), segundo informa Medio Rural da situación dos lumes forestais con datos recollidos ata as 09:00 h. do luns 18 de agosto. Como continúa a grave vaga de lumes, con moitos deles activos, aumentarán os incendios e a superficie calcinada.

No chan, ademais da perda de materia orgánica, obsérvanse outros danos tales como a morte de moitos microorganismos e animais (micro- e meso-fauna), que realizan procesos fundamentais relacionados co crecemento e o desenvolvemento das plantas, e a perda da estrutura, relacionada con

importantes propiedades físicas (porosidade, aireación, infiltración, etc.), que leva a dispersión das partículas que forman as unidades estruturais (agregados), que poden obturar os poros do chan, impedindo así a infiltración da auga no chan e obrigándoa a discorrer pola superficie do solo (escorrentía).

Por tanto, se o solo está disgregado e espido, é dicir, sen a cuberta vexetal, non está protexido fronte ao impacto da choiva e poderá sufrir procesos erosivos, con perda de nutrientes, e tamén de sementes, por arrastre da capa de cinzas e da capa superficial do chan que contén o banco de sementes do chan. Os materiais arrastrados por escorrentía e a auga infiltrada ou de escorrentía que flúe desde as zonas queimadas pode provocar desequilibrios nos ecosistemas terrestres e acuáticos que reciben os materiais (ríos, lagos, encoros, dunas, praias, rías, fondos mariños, etc.) e numerosos problemas: recheo de cunetas, lagos, encoros, etc., contaminación das augas superficiais e das capas freáticas subterráneas, fontes de auga potable, etc., a eutrofización ou o aumento da temperatura das augas fluviais provocando o crecemento anormal de algas e outras plantas acuáticas e a morte de peces e outros organismos por anoxia ou alteración do seu hábitat, dilución da salinidade da auga do mar na proximidade da costa, o que provoca a morte de numerosos bivalvos que se desenvolven nas praias ou en parques marisqueiros, perturbación física e ecolóxica de zonas protexidas (dunas e demais zonas da rede natura), etc.

Deben tomarse medidas urxentemente para evitar a erosión e degradación do chan, o que é esencial para a recuperación do ecosistema afectado. Estas medidas evitarán a perda de chan, e a contaminación de hábitats acuáticos (augas superficiais e subterráneas, ríos, mar ...). Trátase de medidas de emerxencia nos 3 primeiros meses pero poden prolongarse ata un ano.

A inoculación de microorganismos autóctonos (cianobacterias, Rhizobium e micorrizas), que promoven o desenvolvemento da vexetación ao proporcionar nutrientes e protexen o chan por formación de costras microbianas na súa superficie.

O acolchamento de palla ou doutros materiais semellantes, a distribución de obstáculos tales como troncos de árbores, ramas e restos de poda na superficie do chan, que frean a escorrentía e o arrastre de materiais en chans moi susceptibles á erosión (incendios de alta severidade, forte pendente e abundantes precipitacións). En todos estes casos procurárase evitar ou reducir ao mínimo toda perturbación do terreo afectado polos incendios (tránsito de maquinaria, eliminación do chan, etc.). Os resultados de experiencias demostraron que as técnicas máis adecuadas para a súa aplicación no campo eran a sementeira de herbáceas e o acolchado de palla.

Implantación temporal dunha cuberta vexetal herbácea con especies autóctonas, sementando sen remover no terreo queimado unha mestura de leguminosas e gramíneas (en maior proporción), que desenvolven rapidamente a súa parte aérea e as súas raíces, fixando así a capa de cinzas e os nutrientes nos órganos das plantas, favorecendo a formación da estrutura do chan e a rexeneración dos microorganismos e da súa actividade biolóxica, e diminuindo a acción erosiva do vento e, sobre todo, da choiva, cuxo impacto é freado pola parte aérea das plantas; ademais, esta vexetación herbácea, que non se corta, desenvólvese e, ao secarse, os seus restos incorpóranse de novo ao chan, aumentando a reserva de nutrientes do mesmo.

Actuacións a medio e longo prazo

Son tratamentos de rehabilitación, desenvólvense normalmente entre 1 e 3 anos despois do incendio, centrándose basicamente en mitigar os danos producidos nos sistemas afectados e acelerar a súa recuperación. Estas accións inclúen basicamente actividades tales como axudas á rexeneración natural. As accións de restauración acométese nun prazo superior a 3 anos, e teñen como obxectivo unha verdadeira restauración ecolóxica, recuperar a integridade do ecosistema, a súa autorexeneración e sustentabilidade.

Revexetación de áreas queimadas

O proceso de rexeneración natural das plantas pode ser demasiado lento e deixar o solo espido durante moito tempo. Na maioría dos casos de vexetación arbórea, e dependendo dos danos sufridos, haberá que recorrer a unha reforestación ou a unha repoboación con especies autóctonas propias da zona, respectando os ecosistemas dos espazos naturais protexidos. Nas áreas de explotación forestal optarase por bosques mixtos con especies autóctonas adaptadas á zona, en harmonía con prados, leiras, hortas..., formando un rural en mosaico adaptado á diversidade climática, orográfica e edafolóxica.

Os montes están constituídos polo chan, a vexetación (arbórea, arbustiva e herbácea) e a fauna, cuxo conxunto conforma o ecosistema forestal. Do seu equilibrio ecolóxico depende a biodiversidade, que nos proporciona servizos ecosistémicos indispensables para vivir. Deles tamén depende a regulación do clima, das augas superficiais e profundas, a conservación do chan e da atmosfera, a nosa saúde e a nosa calidade de vida.

A mellor prevención dos lumes comeza pola concienciación crítica e o compromiso activo con alternativas sustentábeis ecolóxicas, comezando pola Administración pública, que ten a facultade de crear normativa legal con prazos, orzamentos e compromisos vinculantes, coa máxima prioridade, para promover en todo o rural galego as pequenas producións agroecolóxicas e as pequenas explotacións ecolóxicas de gando en extensivo, sempre a escala familiar ou de unidades de convivencia.

Os límites planetarios (emerxencia climática, a escaseza crecente de recursos naturais non renovables, contaminación, perda de biodiversidade...) irán levándonos inevitablemente ao decrecemento económico, a desindustrializar, a desurbanizar, a ruralizar e a re-ruralizar. Humanícese toda a economía, facéndoa ecolóxica, circular, social, ética e solidaria, de forma xusta e equitativa para todas as persoas. Así toda a sociedade irá asumindo voluntariamente modos e estilos de vida sustentables.

Fonte: <https://www.campogalego.gal/10-pasos-clave-para-recuperar-os-ecosistemas-forestais-queimados/>

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- Que se protexa urxentemente o chan contra a erosión, para que evitar que se perda xuntos cos nutrientes e poida rexenerarse a vexetación. Como primeira medida solicítase a inoculación de microorganismos autóctonos (cianobacterias, Rhizobium e micorrizas), que promoven o

desenvolvemento da vexetación, e a continuación o acolchado de palla ou doutros materiais semellantes antes de que as chuvias arrastren as cinsas.

2. Implantación temporal dunha cuberta vexetal herbácea con especies autóctonas, sementando sen remover no terreo queimado.

3.- A conservación do chan afectado polos incendios e a recuperación das propiedades deste, favorecendo a restauración do monte coa rexeneración máis natural posible, cos seus tres estratos: herbáceo, arbustivo e arbóreo, para garantir a súa estabilidade, utilizando especies autóctonas adaptadas ás condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas da zona.

4.- Protocolos de actuación para a restauración dos sistemas forestais queimados (sistema adoito-planta), que son específicos para cada zona climática e que deben ser executados por profesionais forestais. A correcta protección e conservación do chan evitará a dramática desertización destas zonas de Galicia.

5.- Información sobre as medidas a adoptar inmediatamente despois dos incendios, antes de que as choivas acentúen os procesos de erosión, para axudar á recuperación dos terreos calcinados, evitar a erosión, frear a degradación do solo, reducir a erosión e a escorrentía, conservar cauces, favorecer a rexeneración natural da vexetación ou axudar coa implantación de vexetación autóctona, etc.

6.- Información sobre a superficie de territorio queimada segundo sexa urbana, de espazos naturais protexidos, de uso agrario, para a gandaría, forestal ou industrial, detallando tamén as zonas nas que estaba ou está previsto instalar un proxecto industrial, indicando cal é.

7.- Información sobre as medidas a adoptar pola Consellería de Medio Rural, de cara a esixir ás persoas, entidades ou empresas responsables, as correspondentes responsabilidades derivadas dos graves lumes, ben polos incendios intencionados, ben polos desencadeados pola falta de prevención, de medios humanos e materiais e polo mantemento das infraestruturas.

8.- Aumentar en Galicia a superficie da Rede Natura 2000, como mínimo, até o 30 % do territorio. A porcentaxe de superficie da Rede Natura 2000 (RN 2000) en Galicia está moi por debaixo da media estatal e europea. No Estado español a RN 2000 representa o 27,39 % da superficie, e en Galicia tan só o 11,97 %. Galiza tamén ten as porcentaxes máis baixas (agás Melilla) de superficies ocupadas polos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), co 11,74 %, e de Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), con tan só o 2,98 %.

En _____, a _____ de agosto de 2025

Asdo.- _____